

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i (2022)

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, (Consellería) nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.



En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Compre, polo tanto, contar cun conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

CUARTO.- Con cargo aos orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciense accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrencia competitiva ou convenios de colaboración.



En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG, a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.

Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

QUINTO.- A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

SEXTO.- Que para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica.

En consecuencia, a Consellería plantexa un programa de impulso das estratexias de I+D+i coas tres universidades para impulsar accións de ordenación, estruturación e potenciación da investigación.

Co fin de facilitar a planificación estratéxica, a proposta da Consellería foi, no ano 2021, o de establecer un convenio con accións que abarcase as anualidades 2021-2022, opción a que se acolleron a Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Vigo (UVigo).

A USC presentou un programa de necesidades da actividade investigadora unicamente para a anualidade 2021, sendo necesaria a formalización do presente convenio para incluír o programa de necesidades presentado pola USC para 2022.



Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

O orzamento será de 5.506.094,00€, para a anualidade 2022, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

[cadro páxina seguinte]



ACTUACIÓNS	2022
1. ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS	
1.1. Infraestruturas científicas	1.666.372
1.2 Acuario de bioloxía	26.750
1.3 Rede Estacións Biolóxicas	15.000
Subtotal Actualización e Renovación Infraestruturas	1.708.122
2. CAPTACION E RETENCION DE TALENTO	
2.1. Apoio talento	140.000
2.2. Convoc. Proxectos	60.000
Subtotal Accións Talento	200.000
3. REDEFINICION ESTRUTURAS INVESTIGACION	
3.1. Transformación Agrupacións Estratéxicas	150.000
3.2. Creación novos Institutos investigación	60.000
3.3. Apoio centros investigación	490.000
3.4. Apoio plans estratéxicos Institutos	65.000
Subtotal Accións Estruturas de Investigación	765.000
4. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE I+D+i	
4.1 Axudas Investigación	590.000
4.2 Accións dinamización	696.000
Subtotal Accións Transversais	1.286.000
5. ACCIONS NOVOS GRAOS	
Accións grao en Robótica. Laboratorios	305.902
Accións grao en Bioquímica. Laboratorios	296.870
Accións grao en Empresa e Tecnoloxía	39.200
Accións grao en Xestión Cultural	20.000
Accións grao en Intelixencia Artificial. Laboratorios/aulas	250.000
Subtotal Accions Novos Graos	911.972
6. OBRAS SINGULARES	
6.1 Proxectos obra	355.000
6.2 Lab. radiofísica	140.000
6.3 Espazos investigación	140.000
Subtotal Obras Investigación	635.000
TOTAL ...	5.506.094



SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración en I+D+i (6) coa Universidade Santiago para a anualidade 2022, tal e como se detalla a continuación:

1. ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS

Esta achega distribuirase:

1. ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS		
1.1. Infraestruturas científicas	Contador de mostras radioactivas para as IRAs centrais da USC	122.000
	Actuacións para o mantemento e mellora dos servizos ofertados dende o L2A2	66.827
	Adquisición de equipamento de estabulación e lavado para o CEBEGA	46.000
	Equipamento dun laboratorio de procesado de materiais	20.000
	Actualización de microscopio confocal de superresolución	250.000
	Acondicionamento/adaptación laboratorios incorporación novas infraestruturas científicas	75.000
	Liofilizador alta capacidade Sección Apoio ás Especialidades Biolóxicas Campus de Lugo	60.000
	Actualización magnetómetro PPMS tipo ACMS II	120.000
	Equipo espectroscopía Raman portátil con láser de 1064 nm estudos arqueolóxicos	67.000
	Sonda RMN modelo BBO 5 mm BB/1H con auto-sintonía para espectrómetro DRX-500	54.000
	Actualización fontes de ionización dos espectrómetros alta resolución Impact II e t	70.000
	Autoclave dobre porta para materiais contaminados área de infecciosas	85.545
	Renovación/mellora cámara microscopio TEM do CACTUS de Lugo	20.000
	Actualización do hardware e software de control de microscopios de varrido	25.000
	Sonda sólidos rotor 0.7 mm análise biomateriais espectrómetro Bruker NEO de 75	185.000
	Ampliación capacidades microscopio confocal de superresolución	190.000
	Sistema detección ultrasensible de biomarcadores Quanterix-SRX semiautomático	100.000
	Laboratorio de caracterización experimental de circuitos e dispositivos electrónicos	70.000
	Laboratorio de realidade aumentada	40.000
		Subtotal . .
1.2 Acuario de bioloxía	Sistemas de tratamento de auga	26.750
1.3 Rede Estac. Biolóxica	Pequena instrumentación e actualización de equipos	15.000
	Subtotal . .	41.750
	Subtotal Actualización e Renovación Infraestruturas	1.708.122



As actuacións a levar a cabo son:

1.1. Infraestruturas científicas:

- i. Contador de mostras radioactivas para as IRAs centrais da USC: adquisición de dous contadores de mostras radioactivas mediante técnica de escintilación líquida ou sólida.
- ii. Actuacións para o mantemento e mellora dos servizos ofertados dende o L2A2: para poder continuar con servizos ofertados dende o Laboratorio de Aceleración e outras Aplicacións así como para a implementación de novos servizos levaranse a cabo accións de mellora en:
 - Renovación dos díodos de bombeo pertencentes á parte rexenerativa do sistema de alta potencia e ao mesmo tempo ao feixe de baixa enerxía.
 - Actualización das bombas de baleiro da cámara de experimentación desgastadas polo uso continuo.
 - Instalación dun sistema de alimentación ininterrompido.
 - Adquisición de material óptico necesario para o deseño e desenvolvemento de novos experimentos de aceleración de partículas (ópticas, diafragmas, controladores electrónicos, etc.).
- iii. Adquisición de equipamento de estabulación e lavado para o CEBEGA (Centro de Biomedicina Experimental da USC): dous racks para gaiolas IVC e accesorios para área de lavado
- iv. Equipamento dun laboratorio de procesado de materiais: cortadora de precisión, pulidora con cabezal automático e embutidora.
- v. Actualización de microscopio confocal de superresolución cun módulo de nanoscopía: o módulo de nanoscopía que se precisa instalar neste equipamento baséase no emprego dunha tecnoloxía de visualización de mostras que está a revolucionar o estudo da arquitectura subcelular e a dinámica molecular, xa que permite facer visualizacións de estruturas individuais dentro das células cunha resolución de ata 60 nm.
- vi. Acondicionamento e adaptación de laboratorios para a incorporación de novas infraestruturas científicas singulares: gastos de instalación e adaptación dos laboratorios a cinco equipamentos científicos singulares (magnetómetro, equipo de difracción de raios X, dous espectrómetros de masas de alta resolución con HPLC de gases e líquidos, e espectrómetro de fluorescencia de raios X).



vii. Liofilizador de alta capacidade para a Sección de Apoio ás Especialidades Biolóxicas no Campus de Lugo: adquisición dun novo equipo de liofilización de alta capacidade.

viii. Actualización do magnetómetro PPMS cun sistema de medidas de susceptibilidade de derradeira xeración tipo ACSM II: actualización do magnetómetro para permitir estender o seu período de uso e a redución de avarías.

ix. Equipo de espectroscopía Raman portátil con láser de 1064 nm para estudos arqueolóxicos: recollida de espectros *in situ* por persoal formado e posterior interpretación de resultados no laboratorio, estudos arqueolóxicos *in situ*, etc

x. Sonda de RMN modelo BBO 5 mm BB/1H con sistema de auto-sintonía para espectrómetro DRX-500: complemento para instalar en calquera equipo de RMN que se empregue para a medición de espectros de RMN de disolución.

xi. Actualización das fontes de ionización dos espectrómetros de masas de alta resolución Impact II e timsTOF: o espectrómetro dispón actualmente de fontes de ionización convencionais ESI e APCI as cales traballan de forma independente. Coa actualización destes equipos con fontes duais "VIP-HESI" (Vacuum Insulated Probe – Heated Electrospray Ionisation), pódense combinar as dúas fontes de ionización nunha soa fonte e acortar o tempo entre cambios de técnicas de ionización, así como dar unha resposta moito mais rápida dos resultados obtidos.

xii. Autoclave de dobre porta con programa para procesar materiais contaminados para a área de infecciosas: permitirá que o material empregado na sala de animais contaminados pase a etapa de descontaminación sen poñer en risco a saúde dos demais animais e os técnicos da unidade.

xiii. Renovación e mellora da cámara de adquisición de imaxes do microscopio TEM do CACTUS de Lugo: actualización da cámara de captación de imaxes TEM, por unha de última xeración que permita a captación de imaxes con maior resolución e rapidez.

xiv. Actualización do hardware e software de control de microscopios de varrido: actualización dos seus compoñentes informáticos (*hardware* e *software*), o que permitirá corrixir os actuais problemas de actualización e incorporar novas prestacións ao equipamento.



xv. Sonda de sólidos para rotor de 0.7 mm para a análise de biomateriais no espectrómetro Bruker NEO de 750 MHz: sonda de RMN de sólidos de triple resonancia H/C/N con rotor de 0.7 mm que permita alcanzar velocidades moi elevadas de xiro MAS da mostra chegando ata 120 kHz.

xvi. Ampliación das capacidades de medida e incubación de mostras do microscopio confocal de superresolución: adquisición e instalación dunha serie de módulos que abrirían o campo de utilización do equipo.

xvii. Sistema de detección ultrasensible de biomarcadores Quanterix-SRX semiautomático de sobremesa: servirá para a procura de biomarcadores sanguíneos de enfermidades neurolóxicas, oncolóxicas, inmunolóxicas, cardíacas e infecciosas, así como para o diagnóstico e investigación de patoloxías nestas áreas, tanto en mostras humanas como en modelos experimentais.

xviii. Laboratorio de caracterización experimental de circuítos e dispositivos electrónicos: o laboratorio de instrumentación do CiTIUS (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes) ten como finalidade a caracterización experimental de circuítos e dispositivos electrónicos. A investigación levada a cabo nos proxectos MENLAOS_NT e MISEL require un uso intensivo de dito laboratorio polo que é necesario por unha parte incrementar o número de postos de traballo do mesmo e por outra, a adquisición de material específico para o teste de chips.

xix. Laboratorio de realidade aumentada: adquisición de sensores fisiolóxicos montados no pulso, pantallas de RV montadas na cabeza (HMD), xunto con ordenadores equipados con GPU, sistemas de electroencefalograma seco (EEG) de derradeira xeración e renovación/adaptación do laboratorio.

1.2. Acuario de bioloxía

Sistemas de tratamento da auga: debido á importancia crecente do sector piscícola na nosa comunidade, o servizo de Acuario da USC durante os últimos anos viu incrementada a súa labor investigadora. Este servizo puido aumentar a súa superficie debido ao traslado do animalario da Facultade de Bioloxía co que ata hai pouco compartía instalacións. Por tanto, nun futuro próximo o servizo aspira a ofertar máis servizos. A ampliación está orientada tanto á mellora das liñas de investigación actuais, como a poder prever as futuras.



1.3. Rede Estacións biolóxicas da USC (REBUSC)

Dotación para as diferentes estacións biolóxicas dependentes da USC de pequeno equipamento de investigación:

- Estación de hidrobioloxía do encoro do Con (Vilagarcía de Arousa): equipo de pesca eléctrica e complementos.
- Estación de bioloxía mariña da Graña (Ferrol): calcímetro dixital.
- Estación científica do Caurel (Folgozo do Caurel): estación meteorolóxica e sensores.

2. CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO

Esta achega distribuirase:

2. CAPTACION E RETENCION DE TALENTO		
2.1. Apoio talento	Axuda consolidación e investigación: Beatriz Galindo, ERC, etc	140.000
2.2. Convoc. Proxectos	Apoio convocatorias carácter internacional (Horizon Europe, Interreg, etc)	60.000
	Subtotal Accións Talento	200.000

A finalidade desta acción é a captación de talento para potenciar a actividade investigadora de excelencia mediante a incorporación de investigadores distinguidos, coa dotación mínima necesaria para levar a cabo a súa investigación.

As actuacións a levar a cabo son:

2.1. Apoio talento

Esta acción divídese a súa vez en dúas actividades diferenciadas, dirixidas unha ao apoio na incorporación de talento sénior do programa Beatriz Galindo, e a outra ao apoio a grupos de investigación de consolidación liderados por ERCs.

2.2. Convocatorias proxectos

Impulso da participación dos grupos de investigación nas diversas convocatorias de proxectos de investigación competitivos, a nivel europeo. Esta liña de axudas potenciará a petición de proxectos europeos nos que a USC sexa líder dos mesmos. A complexidade dos proxectos, os traballos previos a



realizar, fai necesario contar con apoios externos que complementen as capacidades propias internas.

3. REDEFINICIÓN ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN

Esta achega distribuirase:

3. REDEFINICION ESTRUTURAS INVESTIGACION		
3.1. Transformación Agrupacións Estratéxicas	Accións de inicio de actividade	150.000
3.2. Creación novos Institutos investigación	Accións de inicio de actividade	60.000
3.3. Apoio centros invest.	Accións de mellora da organización dos centros	320.000
	Accións de posta en marcha dos centros	170.000
	Subtotal Apoio centros invest.	490.000
3.4. Apoio plans estratéxicos Institutos	Actualización plans estratéxicos	55.000
	Panel de avaliación	10.000
	Subtotal Apoio plans estratéxicos institutos	65.000
	Subtotal Accións Estruturas de Investigación	765.000

As actuacións a levar a cabo son:

A estratexia de I+D+i da USC, centrada na excelencia, o impacto e a proxección social, cultural e económica, e aliñada coas prioridades autonómicas, estatais e europeas, permitiu desenvolver e articular capacidades de I+D+i arredor dos Campus de Especialización, Centros Singulares de Investigación, Institutos de Investigación e Agrupacións Estratéxicas.

Durante os vindeiros anos a USC desenvolverá un programa de apoio ao desenvolvemento e consolidación de diferentes estruturas: centros e institutos de investigación sobre as que se vertebrará a estratexia de I+D da institución.

As actuacións previstas para adecuar as estruturas de investigación novas ou existentes á normativa vixente para a creación de centros e institutos de investigación virán determinadas polos obxectivos estratéxicos e liñas de actuación previstas que son xerais a todos eles: Gobernanza, organización e xestión; Fomento da investigación; Fomento da transferencia; Formación, atracción e desenvolvemento de talento; Comunicación e divulgación; e, Infraestruturas e espazos de investigación.



3.1. Transformación de Agrupacións Estratéxicas

As Agrupacións Estratéxicas que remataron o programa financiado pola Xunta a finais do 2020 son AEMAT, BIOREDES e CRETUS, sendo esta última unha agrupación consolidada. Nos primeiros dous casos a intención do equipo de goberno da USC é reconvertelas en Institutos de Investigación. Ese proceso xa rematou no caso do Instituto de Materiais, que xa ten persoal investigador vinculado ao centro.

No caso da agrupación BIOREDES, ao longo do ano pasado iniciouse o proceso de avaliación de capacidades e alternativas organizativas, actuacións que continuarán no 2022 ao abeiro do Campus Terra, co proceso conducente á creación dun novo Instituto de Investigación que aproveite as sinerxias conseguidas nos últimos anos.

A agrupación consolidada CRETUS foi considerada como Centro Singular pola USC tras un proceso de avaliación externa estando, e durante o 2021 finalizouse o proceso de vinculación do persoal investigador.

Nos tres casos, a posta en marcha destes centros fará necesaria unha dotación inicial que lles permita continuar coas actividades que viñan desenvolvendo como Agrupacións e incrementalas/melloralas como novos Centros de Investigación, e por en marcha o seu Plan Estratéxico.

As actividades a desenvolver nos vindeiros anos enmárcanse nas seguintes liñas:

- Divulgación: creación ou mantemento da páxina web e redes sociais, desenvolvemento de imaxe corporativa, actividades de extensión universitaria, xornadas de portas abertas, etc.
- Actividades de impulso á investigación colaborativa: proxectos semente, organización de seminarios entre os investigadores mais mozos.
- Captación de fondos: financiamento de actividades de apoio á elaboración de proxectos estratéxicos de investigación.
- Bolsas de investigación.

3.2. Creación de novos Institutos de investigación

Co obxectivo final de consolidar, estruturar e desenvolver unidades de investigación especializadas a USC abriu a finais de 2020 un proceso de presentación de manifestacións de interese por parte dos grupos de investigación que así o desexaran, co obxecto de que achegaran as súas propostas para a identificación e desenvolvemento de áreas estratéxicas de I+D+i no ámbito das áreas de ciencias sociais e humanidades. Como resultado deste proceso presentáronse 6 expresións de interese que guiarán a articulación das capacidades destes grupos en torno a dúas iniciativas de institutos de investigacións nos eidos das ciencias sociais e das humanidades, estando esta última mais avanzada.



Para poder acometer estas iniciativas é necesario contar co apoio de consultoras externas, que complementen as capacidades propias da institución, para a definición da axenda científica, e a elaboración dos plans de viabilidade económica e estratéxico, así como unha pequena dotación para accións/seminarios de inicio de actividade. De forma complementaria, faranse seminarios/xornadas no ámbito da axenda estratéxica na que se contará con expertos de relevancia que axuden a validala, e en competencias transversais orientadas a investigadores mozos.

3.3. Apoio a centros interuniversitarios

i. Accións de mellora da organización dos centros:

Durante o ano 2022 continuarase coa estratexia de creación e inicio de actividade de novos centros, tanto os centros interuniversitarios recentemente creados (CISPAC e CITMAga), como a consolidación das propostas xurdidas dende as agrupacións estratéxicas (CRETUS, iMATUS, campus de Lugo), e a estruturación da investigación nos ámbitos de Ciencias Sociais e Humanidades.

Xunto a este obxectivo de consolidación de centros de nova ou recente creación, desenvolveranse actividades dirixidas, de forma preferente, a aqueles centros consolidados (CITIUS, CIMUS, IGFAE e CIQUS) que representan unha parte moi importante da produción científica de maior nivel, sendo polos de atracción de talento investigador a nivel internacional, como o demostra a súa capacidade de captación de investigadores con axudas ERC.

Os centros singulares da USC contan con estruturas de xestión da investigación propias, que se verán apoiadas nas seguintes liñas de actividade:

- Impulso ás actividades de interrelación coa contorna institucional, empresarial e social.
- Mellora dos procesos administrativos e de xestión económica das actividades desenvoltas polos centros e institutos, así como das actividades de soporte.
- Apoio á Internacionalización dos centros, como polos de atracción de talento.
- Apoio no acceso a infraestruturas de investigación e equipamentos singulares.
- Protección e valorización dos resultados de I+D (patentes, iniciativas empresariais, etc).
- Mellorar a coordinación entre as estruturas de xestión propias dos centros e institutos.

ii. Accións de posta en marcha dos centros:

As tres universidades galegas veñen de traballar conxuntamente desde o 2020 na creación de tres iniciativas, novidasas, de centros de investigación interuniversitarios, que se materializaron no 2021 coa creación do CITMAga (Centro de Investigación e tecnoloxía Matemática de Galicia) e o CISPAC (Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais), ambos adscritos á



Universidade de Santiago de Compostela neste primeiro periodo de andaina, e o ECOBAS (Economics and Business Administration for Society), adscrito á Universidade de Vigo.

Tratase de levar a cabo actuacións para desenvolver a andadura destes novos centros e a súa consolidación.

3.4. Apoio ao desenvolvemento dos plans estratéxicos dos Institutos/Centros de investigación

No ano 2016 empezou unha reformulación dos Institutos de investigación da USC. A avaliación de aqueles Institutos levou á supresión dalgún deles e a reformulación do resto. Durante os últimos catro anos, estes Institutos actualizaron as súas axendas de investigación e adscribiron novos investigadores. A normativa de funcionamento e creación dos Institutos de Investigación indica que estes deben ser avaliados periodicamente por unha comisión externa. Esta acción pretende, dunha banda avaliar os Institutos e doutra adecuar os Plans Estratéxicos e Axendas Científicas segundo os requirimentos dos avaliadores.

i. Actualización dos plans estratéxicos dos Institutos/Centros: actualizar a estratexia científica de varios dos seus institutos senlleiros, como o ILG, o IDEGA ou o ICE. Ademais da reformulación da súa axenda científica e organización, e definición dun plan de acción concreto para os vindeiros catro anos que lles permita dar un salto cualitativo na súa xestión e posicionamento. Para este fin contratarase asistencias técnicas para cada un deles.

ii. Avaliación dos Institutos/Centros de investigación: nomeamento dunha comisión de avaliación externa dos Institutos formada por investigadores con experiencia na dirección e/ou xestión de centros de investigación en España. Esta comisión avalía a traxectoria do Instituto/Centro nos últimos anos así como os efectos e melloras que os cambios producidos pola entrada de novos investigadores e a posta en marcha dunha nova axenda científica se teñen producido no centro. A Comisión avaliará tamén, se procede, a adecuación ao Plan Estratéxico que se aprobou polo Consello Reitor do Instituto.



4. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE I+D+i

Esta achega distribuirase:

4. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE I+D+i		
4.1 Axudas Investigación	Axudas uso infraestruturas científicas	20.000
	Axuda publicacións Q1 en aberto	50.000
	Axudas congresos e reunións científicas	400.000
	Axudas grupos produción científica	100.000
	Programa de axudas a difusión da investigación na USC	20.000
	Subtotal Axudas Investigación	590.000
4.2 Accións dinamización	Campus de emprendemento e empregabilidade	20.000
	Xornadas de portas abertas e bolsas de verán	96.000
	Campus de Verán Xuvenciencia	10.000
	Accións para a mellora en investigación para fins docentes	400.000
	Accións de mellora de innovación educativa	20.000
	Accións de mellora das competencias transversais estudos de doutoramento	30.000
	Accións para a mellora da calidade dos masters	120.000
	Subtotal Accións Dinamización	696.000

As actuacións a levar a cabo son:

4.1. Axudas investigación

i. Axuda para o uso das infraestruturas científicas: facilitar o acceso aos servizos de uso xeral a aqueles grupos de investigación que manteñan unha actividade investigadora acreditada e non dispoñan de financiamento na actualidade.

ii. Axuda para publicacións científicas en aberto: cofinanciamento das publicacións en aberto no Q1 das revistas científicas do JCR e Scopus ou A+ e A, segundo os criterios de CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas).

iii. Axudas a congresos e reunións científicas: convocatoria de axudas para congresos e reunións científicas; actividades relacionadas cos centenarios das Facultades de Química e Historia; Congreso eurolatinoamericano de coñecementos.

iv. Axudas grupos produción científica: seguimento e avaliación da actividade científica en termos da produción científica (PC) do persoal docente investigador (PDI) e dos grupos de investigación.

v. Axudas a difusión da investigación: apoio ás revistas académicas e científicas; implementación e, no seu caso, actualización permanente dos ecosistemas



tecnolóxicos de última xeración, nomeadamente Open Journal Systems 3.0; formatos de preservación XML JATS e de saída .pdf, ePub e .html, etc.

4.2. Accións de dinamización da I+D+i

i. Campus de emprendemento e empregabilidade: trátase de que o alumnado universitario, se forme en diferentes temáticas relacionadas coa creación dunha empresa como alternativa de saída ao mercado laboral.

ii. Xornadas de portas abertas e bolsas de verán: organización conxunta dos centros singulares de investigación de actividades de divulgación á sociedade como o Día da Ciencia Singular e as bolsas de verán.

iii. Campus de verán XuvenCiencia: para dar a coñecer a oferta docente e a investigación que se realiza no Campus Terra e ademais reforzar a relación entre alumnado e profesorado de ensino medio e a USC.

iv. Accións de mellora en investigación para fins docentes: na adquisición e instalación de equipamentos singulares que se precisen e vaian a dedicar á realización de investigación e desenvolvemento de novas actividades e metodoloxías docentes, ou á mellora daquelas que xa se estean desenvolvendo nos centros actualmente pero con equipamento anticuado ou obsoleto.

v. Accións de innovación educativa: fomento do emprego de metodoloxías innovadoras que impulsen procesos de cambio e innovación educativa nas titulacións oficiais (formación masiva online (MOOC), docencia modalidade híbrida en liña, ou desenvolvemento de patróns de mellora cognitiva e social do alumnado (programas de Aprendizaxe-Servizo ApS).

vi. Mellora das competencias transversais nos estudos de doutoramento: desenvolvemento de actividades formativas, tanto de carácter transversal (entre outras, as relacionadas coa adquisición e mellora de competencias lingüísticas noutras linguas, competencias en xestión e manexo da información, ética na investigación etc.) como de carácter específico de cada programa de doutoramento e a súa adaptación para unha impartición telemática, a fin de facilitar a participación dun maior número de doutorandos/as

vii. Accións de mellora das titulacións oficiais de máster: mellora as taxas de ocupación e a porcentaxe de alumnado estranxeiro; incrementar e mellorar a relación con entidades públicas e privadas (convenios); programas de titorización e mentorización individual; emprego de enfoques e metodoloxías



docentes innovadoras; potenciación das competencias para a empregabilidade, etc.

5. ACCIÓNS NOVOS GRAOS

Esta achega distribuirase:

5. ACCIONS NOVOS GRAOS		
Novos graos	Accións grao en Robótica. Laboratorios	305.902
	Accións grao en Bioquímica. Laboratorios	296.870
	Accións grao en Empresa e Tecnoloxía	39.200
	Accións grao en Xestión Cultural	20.000
	Accións grao en Intelixencia Artificial. Laboratorios e aulas	250.000
	Subtotal Accions Novos Graos	911.972

As actuacións a levar a cabo son:

i. Accións grao Robótica. Laboratorios

As necesidades de actuación son: dotación do laboratorio de robótica II, ampliación informática, dotación do laboratorio de robótica I, dotación do laboratorio de sensorización e visión artificial e laboratorio de instrumentación. Reformas e adaptación de espazos.

ii. Accións grao Bioquímica: Laboratorios

As actuacións son: reforma e dotación do antigo laboratorio 23 para conversión na aula 1 de bioquímica; modificación mesado laboratorio de zooloxía; dotación para dous laboratorios para materiais de bioquímica e xenética; equipamento laboratorio de bioquímica; equipamento laboratorio zooloxía, equipamento laboratorio anatomía; equipamento laboratorios de química inorgánica, orgánica e analítica; equipamento laboratorio fisioloxía animal. Reformas e adaptación de espazos.

iii. Accións grao en Empresa e Tecnoloxía

As actuacións que a Facultade de Administración e Dirección de Empresas do Campus Terra de Lugo ten identificado para lograr unha xeitosa implantación do grao en Empresa e Tecnoloxía son: posicionamento SEO da páxina web; campaña de promoción da modalidade semipresencial dirixidoa público obxectivo (profesionais do ámbito empresarial e tecnolóxico que busquen mellorar as súas



competencias); campaña informativa do grao no alumnado de secundaria; posta en marcha dun *Business Game* (simulador de estratexia empresarial).

iv. Accións grao en Xestión Cultural: dotación de equipamento informático para a impartición das clases, pequenas reformas dos laboratorios e licencias de software para as materias "Deseño gráfico para contidos culturais", "Medios audiovisuais" e "Cartografía e información xeoespacial".

v. Accións grao en Intelixencia Artificial: a implantación de novos estudos de Intelixencia Artificial e o aumento do número de persoas admitidas no estudos de Enxeñaría Informática da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) da USC agravaron os problemas de falta de espazo do edificio sede da ETSE, adoptándose como solución a adaptación e reforma de espazos no edificio Emprendia para uso docente para o seu traslado e a conseguinte reordenación dos servizos.

6. OBRAS SINGULARES

Esta achega distribuirase:

6. OBRAS SINGULARES		
6.1 Proxectos obra	Memorias proxectos básicos de execución infraestruturas de investigación	355.000
6.2 Lab. radiofísica	Obras de ampliación plataforma tecnolóxica de radiofísica	140.000
6.3 Espazos investig.	Obras de adecuación de diferentes espazos de investigación	140.000
	Subtotal Obras Investigación	635.000

As actuacións a levar a cabo son:

6.1. Memorias proxectos básicos de execución de infraestruturas de investigación

Elaboración dos proxectos básicos de execución de cinco infraestruturas de investigación nos Campus de Compostela e Lugo: rehabilitación/reforma do Observatorio Astronómico da USC "Ramón María Aller"; rehabilitación/reforma dos chalets dos catedráticos; traslado do acuario da Facultade de Bioloxía ao Instituto de Acuicultura; Biblioteca Xeral (anteprojecto para toda a zona na biblioteca e adicionalmente un proxecto básico de execución para a zona de hemeroteca); reordenación de espazos de investigación no pavillón 4 de Veterinaria de Lugo.



6.2. Laboratorio de Radiofísica. Obras de ampliación plataforma tecnolóxica Radiofísica

O Laboratorio de Radiofísica da USC é unha instalación científica singular dotada de equipos emisores de radiación ionizante e equipos de medida de calidade metrolóxica que permiten prestar servizos de transferencia tecnolóxica e I+D+i de alto impacto e de forma transversal aos sectores aeroespaciais, sanitario, industrial e científico. Os servizos principais, únicos en España, concréntanse en: calibración dos instrumentos de medida de dose para os centros de radioterapia; irradiación de compoñentes electrónicos para a industria aeroespacial; e, radioterapia veterinaria. A demanda destes servizos viuse incrementada considerablemente nos últimos anos.

As actividades que se levaran a cabo son: novo irradiador de 60Co de alta taxa con características avanzadas para a prestación de servizos de calibración e irradiación; execución da ampliación do edificio do laboratorio de Radiofísica con dúas novas salas de irradiación; instalación de equipamento necesario para protección radiolóxica, seguridade, climatización, instrumentación metrolóxica e automatización de procesos.

6.3. Actuación espazos de investigación. Adecuación de espazos

Mellorar algúns espazos de investigación que permitan favorecer proxectos de investigación comúns e as sinerxías entre os investigadores (obras para adecuar espazos de *co-working*):

-Adecuación de espazos de investigación para o aloxamento dos contratados ao abeiro ERC. Pequenas obras de mampostería, instalacións eléctricas, rede de datos e pequeno mobiliario.

-Adecuación de laboratorios de investigación ao abeiro dos proxectos ERC-StG SPACING, ERC-CoG BECAME e ERC-SyG MoLDAM. Acondicionamento para instalación dun laboratorio de microscopía avanzada e dunha nova sala de cultivo celular, así como pequenas actuacións noutros laboratorios. Estes espazos precisan de diversas obras de acondicionamento tales como instalación eléctrica, canalización de gases, ventilación, etc.

- A reordenación dos centros de investigación da USC e a creación doutros xera unha serie pequenas actuacións de acondicionamento dos espazos de investigación: obras de acondicionamento, instalación eléctrica, mampostería, pequeno mobiliario, instalación da rede de datos, canalización de gases, ventilación, etc.



TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométese:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola USC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A USC comprométese a desenvolver as accións descritas así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. No caso de obras debe comunicar a data de concesión da licenza de obra, a contía da adxudicación da obra e o inicio dos traballos.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a USC non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de cinco millóns cincocentos seis mil noventa e catro euros (5.506.094,00 €), para a anualidade 2022 con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta do 16 de decembro de 2021, publicado no DOG número 248, do 28 de decembro).

Esta cantidade de 5.506.094,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.



- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de congresos.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultoría e asesoramento externo para estudos e actividades complementarias.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas, contratación e execución das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas ou no caso de que non se poidan adxudicar as obras establecidas neste convenio, poderanse incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio ou pequenas reformas, previa comunicación.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no



cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 15 de decembro de 2022, a seguinte documentación:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (6), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Poderán realizarse pagamentos a conta e anticipados que supoñan entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ata un máximo do 50% da subvención concedida para cada anualidade, de acordo



co previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada do Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, previa solicitude debidamente xustificada da entidade beneficiaria.

A concesión de anticipos e pagos a conta quedará condicionada ao cumprimento, da parte beneficiaria, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A realización de pagamentos anticipados está exenta da constitución de garantías por parte das universidades, de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 52 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.



Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2022, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2022.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.



A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrència competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a



Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, a partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO-PRIMEIRA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.



Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e
Universidades

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

